

DSPACE da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

H. Monteagudo (2004): “O ideario lingüístico de Manuel Curros Enríquez”, en X. Alonso Montero / H. Monteagudo / B. Tajés Marcote: *Actas do I Congreso Internacional ‘Curros Enríquez e o seu tempo’*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 311-342.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

O IDEARIO LINGÜÍSTICO DE MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

Henrique Monteagudo

Consello da Cultura Galega e Instituto da Lingua Galega /
Universidade de Santiago de Compostela

Moitos despreciaron a obra dos poetas
–se cadra a desprecian aínda–
pero é sen dúbida porque ignoran
que Apolo ergueu os muros de Thebas
ó son das frautas.
M. Murguía, *Los Precusores*.

A estas alturas pode parecer escusado abordar o asunto anunciado no encabezamento do presente traballo, a non ser que se dispoña de material de base inédito ou ignorado –o que non é o caso. De certo, contamos cunha achega publicada hai máis de trinta anos (Alonso Montero 1970, 69 e ss. –de quen tomamos emprestado, con permiso, o noso título), que a penas avellentou nada, nin sequera despois dunha contribución recente que trata monograficamente a cuestión (López Varela 2000)¹. O que xustifica a presente abordaxe é o tratamento dalgúns aspectos do tema que quedan fóra das devanditas contribucións, e un maior esforzo de contextualización do pensamento e a praxe lingüística de Curros. O alicerce documental sobre o que edificamos a nosa análise é practicamente o mesmo do que botaron man estes dous estudiosos, de cuxo labor de investigación arquivística nos beneficiamos. Emporiso, dispoñemos dunha certa avantaxe sobre eles, no senso de que o primeiro (Alonso Montero) non puido dispor da ampla recolla de artigos de prensa que axuntou o segundo (López Varela), mentres que este non tivo en conta materiais de grande importancia previamente coñecidos –de feito, algúns deles postos de relevo por aquel, como a correspondencia entre Curros e Andrés Martínez Salazar².

1. Ese artigo está extraído da tese de doutoramento do seu autor, tamén publicada: véxase López Varela 1998 I, 195-204.

2. Este epistolario atópase actualmente depositado na Real Academia Galega (fondo

Endebén, sobre o material indicado cómpre levar conta de dúas advertencias importantes:

1) Temos nuns casos a certeza e noutros a sospeita de que ignoramos textos que puideran ser importantes. Certeza, por vía do exemplo, no caso dos que Alonso Montero cita (1970, 97), entre os cales prometen ser de especial interese a recensión, dada a lume en 1901 no *Diario de la Marina* de La Habana, á edición da *Crónica Troyana* (A Coruña, 1900), a cargo de Andrés Martínez Salazar e, no mesmo ano e publicación, a defensa do idioma galego en resposta a uns ataques vertidos no periódico *La Correspondencia*, de Cienfuegos. Sospeita como a que nos levanta un artigo publicado en 1895, onde Curros asegura: “Expuestas nuestras ideas –ya muy antes de ahora detenidamente desarrolladas– acerca de la utilidad que se deriva del uso de las lenguas regionales...”³. Quizais a partir deste ‘I Congreso Internacional sobre Curros Enríquez e o seu tempo’, e gracias sobre todo á contribución dos estudiosos cubanos que nos acompañan, poidamos saber dalgún destes textos.

2) Curros maniféstase sobre o idioma de xeito case sempre incidental, ora en artigos focados a outros temas (en particular, recensións literarias), ora en forma poética, ou ben na correspondencia privada. Xa que logo, na nosa análise non podemos operar coma se estivesemos diseccionando un sistema ideo-lingüístico coidadosamente construído. Secomasí, estamos perante un autor que reflexiona, debate e combate a prol do idioma galego dun xeito especialmente lúcido e incisivo, e que alén diso exemplifica cristalinamente unha determinada cultura lingüística: a que corresponde, no seu período, a un concreto estrato socio-cultural e un sector ideolóxico e político particular. Referímonos á cultura lingüística

Andrés Martínez-Morás y Soria), pero as dúas pezas clave para o noso asunto xa foran publicadas polo propio Alonso Montero na obra citada (Alonso Montero 1970, 101-6). Ampla noticia desta correspondencia áchase en Martínez-Morás 1987. Aproveito para agradecer ós atentos bibliotecarios da RAG as facilidades que me deron para consultar o dito material.

3. Curros Enríquez 1895c, citamos por López Varela 1998 II, 1242. O autor tamén pode referirse aí a algún dos textos que coñecemos, e citaremos no presente traballo.

dos sectores progresistas da *intelligentsia* protogaleguista de finais do século XIX; aínda que, claro está, aspectos importantes desa cultura lingüística, lonxe de ser exclusivos, proceden de e son partillados por outros segmentos crono-topolóxicos e socio-políticos.

A consciencia lingüística de Curros maniféstase tanto no seu *discurso* metalingüístico (as súas opinións sobre a lingua ou as linguas) coma na súa *praxe* canto escritor (as súas opcións ou preferencias idiomáticas). Na nosa achega, ímonos centrar no primeiro aspecto, deixando o segundo para outra contribución (Monteagudo, 2002), sempre sobre o pano de fondo dos nosos traballos anteriores; moi especialmente, do estudio “Ideas de Manuel Murguía sobre o idioma galego”⁴. Comezaremos por unha consideración das súas ideas lingüísticas en xeral, con especial referencia ás relacións entre lingua e sociedade, continuaremos pola súa concepción do idioma galego, particularmente na dimensión histórica, e remataremos na súa abordaxe dos problemas propiamente lingüísticos con que se enfrontaba o idioma naquel momento histórico concreto.

1 “TODO TENDE Á UNIDADÁ, LEY, ENTRE TODAS, A MAIS INEUSORABRE DO PROGRESO”.

IDIOMA E SOCIEDADE: AS IDEOLOXÍAS LINGÜÍSTICAS

Inspirados nunha proposta do sociolingüista valenciano Lluís V. Aracil⁵, libremente adaptada en función dos nosos intereses presentes, podemos esquematizar as ideoloxías lingüísticas actuanes na Galicia de finais do século XIX do seguinte xeito:

MODERNIZACIÓN		SI	NON
PROMOCIÓN DA LINGUA B (baixa)	SI	Pluralismo progresista	Conservacionismo tradicionalista
	NON	Uniformismo progresista / conservador	Uniformismo reaccionario

4. Véxase Monteagudo 2000. Por parte, coidamos que debe terse en conta Monteagudo 1999, 289-372 (especialmente 351-72), para os aspectos ideolingüísticos.

5. Recólloa a través de Ninyoles 1972, 123.

A finais do século XIX, a situación diglósica vixente e relativamente estable nos séculos anteriores, en que o castelán funcionaba como variedade A (alta) e o galego como variedade B (baixa), atopábase en plena fase de desestabilización, dando paso a un proceso de substitución lingüística asociado ás mudanzas sociais que resumimos no termo 'modernización'. Temos, pois, que se presentaban dous tipos de dilemas, que, cadrelados, ofrecen catro grandes tipos de ideoloxía lingüística: por unha banda *modernización* (ou progreso) / *tradición* (ou reacción), por outra banda, *mantemento* ou *promoción* do galego / *substitución* (ou imposición do castelán). Dese cadrelamento, xorden catro grandes tipos de ideoloxías lingüísticas: pluralismo progresista, conservacionismo tradicionalista, uniformismo progresista e uniformismo reaccionario.

Impóñense aquí dúas aclaracións, referidas tanto ó cadro anterior coma ás explicacións que veñen a seguir. En primeiro lugar, non pretendemos ofrecer máis ca un esquema, o que obriga a sacrificar matices. Falamos, pois, de tipos ideais que nos serven de referencia á hora de localizar as posicións reais, tendo en conta que estas se atopan polarizadas con respecto a eles en diferentes graos de intensidade e plurivocidade, e que nelas poden aparecer imbricados elementos de heteróclita, e mesmo contradictoria, orientación. Por parte, as etiquetas que empregamos son puramente convencionais, e non poden traducirse literalmente ó campo especificamente ideopolítico: tal como explicamos máis abaixo, débese ter especial coidado cos termos 'progresista' por unha banda, e 'mantemento' e 'promoción' pola outra.

Caracterizando de xeito sumario as devanditas ideoloxías, podemos dicir que o 'progresismo pluralista' considera compatible a promoción das linguas subalternas (no noso caso, o galego), co proceso de modernización social, entendidos ambos como desexables, e incluso pode chegar a considerar a primeira como (pre)requisito indispensable do segundo. En consecuencia, estes sectores implícanse nos esforzos de promoción das linguas minorizadas, dos que poden mesmo constituír (como acontece en Galicia), os principais impulsores, e nos que poden coincidir co

sector conservacionista. Como tal promoción foi formulada é cuestión distinta, en que arestora non procede demorarmos: digamos de momento que se considera tarefa prioritaria a dignificación do idioma mediante o cultivo literario, especialmente na poesía, o que ademais permitiría a elaboración do idioma, en particular a forxa dunha variedade culta, polo menos para a escrita. Por parte, a promoción do galego xeralmente non se considera incompatible, mais complementaria, coa difusión do coñecemento do castelán, necesaria para unhas masas populares privadas ata daquela da posibilidade de adquirir unha suficiente competencia lingüística nel. Xa que logo, este tipo de ideoloxía adoita cuestionar a rixida relación xerárquica que subordina o galego ó castelán, visando instaurar unha relación igualitaria entre os dous idiomas.

Tipicamente, o progresismo pluralista defendeu unha articulación do Estado español baseada na autonomía política das 'rexións' que o constituían. O grao de tal autonomía, non sempre claramente formulado, podía ir desde a descentralización á federación, e, máis raramente, á independencia. É un feito que o groso do proto-galeguismo decimonónico se alíña en posicións de 'progresismo pluralista'.

Quizais esa hexemonía progresista no proto-galeguismo teña escurecido a existencia, e mesmo prevalencia, dentro do mesmo campo 'progresista' (sobre este termo *nota bene* o que vén a seguir), de ideoloxías centralistas no político e uniformistas no lingüístico. Estas, que cobren unha ampla gama do espectro político e cultural, emerxeron con grande forza en Galicia no último cuartel do século XIX. A elas adheriron non só o groso do moderantismo (conservador ou liberal) que sostiña o réxime da Restauración, como tamén, moi significativamente, sectores importantes do republicanismo democrático e practicamente toda a esquerda obreira, na que pesou con grande forza un internacionalismo que condenaba as nacións menores á absorción por parte de grandes estados. Trátase, daquela, dun complexo ideolingüístico que adquiriu carácter hexemónico e como tal impregnou o conxunto da sociedade, fundado nunha serie de ideoloxemas ampla-

mente partillados (con matices, claro está), ideoloxemas que condicionaron enormemente a visión das linguas naquela época e aínda despois.

Limitarémonos a sinalar o esencial. En primeiro lugar áchase a radical escisión entre a enxalzada esfera da Razón e a deostada esfera do sentimento. En segundo lugar, a concepción da historia en termos de desenvolvemento ineluctable e unidireccional da lei do Progreso. Esta concepción por volta de finais de século foi envorcada en moldes darwinistas, onde o social/cultural é reducido ó biolóxico/natural: o progreso áchase garantido por obra da selección natural que resulta da loita pola existencia e a supervivencia do máis apto. En terceiro lugar, a convicción de que o xénero humano, baixo a batuta da Razón e do Progreso, camiña inexorablemente cara á unidade, entendida esta en termos de universalización absoluta da civilización occidental.

No noso terreo, o devandito conduce a contemplar as linguas unicamente na súa dimensión instrumental-comunicativa, nunha perspectiva puramente utilitaria, esquecendo ou marxinando a súa dimensión expresiva⁶. Se os idiomas son puros instrumentos para a comunicación de ideas, o lóxico é favorecer a adopción dos que gozan de maior difusión (os máis aptos, visto que superaron, en loita contra outras linguas, a proba da supervivencia), na esperanza utópica de que no futuro o conxunto do xénero humano acabará falando a mesma lingua. Con estas nocións asóciase a idea, máis ou menos implícita, de que existe un 'limiar' crítico nas dimensións das comunidades lingüísticas (canto ó número de falantes), por debaixo do cal a supervivencia destas non é viable, ou nin sequera desexable⁷. Habitualmente, ese limiar é colocado nun nivel moito máis alto das dimensións demográficas dos idiomas sub-estatais, coma o galego.

En definitiva, este tipo de ideoloxías callaba en proxectos sociolingüísticos que tendían a favorecer a difusión do(s) idioma(s) dominante(s), en xeral sen preocuparse do destino do(s)

6. Véxase Williams 1992.

7. Véxase Hobsbawn 1991, 39-46, onde se explica que o principio do limiar, aplicado para decidir sobre a viabilidade das nacións, repousa sobre unha lóxica economicista.

idioma(s) subalterno(s). Por outras palabras, o obxectivo final, máis ou menos explícito, era a consumación do proceso de substitución lingüística daquela incipiente. Todo o máis, concédese a posibilidade de pervivencia do idioma subalterno nunha situación de diglosia reforzada: “O pobo, a lingua ou a cultura pequenos encaixaban no progreso soamente na medida en que aceptasen a condición de subordinados dalgunha unidade maior ou se retirasen da batalla para convertérense en depositarios de nostalxia ou outros sentimentos” (Hobsbawn 1991, 50, a traducción é nosa). Esta é, coidamos, a posición representada tipicamente por Emilia Pardo Bazán, unha *bête noire* para o autor que nos ocupará no presente contributo, por razóns que coidamos quedan claras no noso traballo antes mencionado sobre M. Murguía⁸.

Desde o devandito ‘progresismo’, idiomas subalternos coma o galego son presentados como acobillos do atraso ou do antigo réxime, preconcepto este alimentado pola forte presenza (e en moitos casos, hexemonía) dos ‘conservacionistas’ dentro do campo ‘pluralista’. Tal caste de prexuízos poden ser exemplificados coas palabras dun ilustre escritor progresista español, Vicente Blasco Ibáñez, estampadas precisamente no prólogo á traducción castelá de *Aires da miña terra* aparecida en Valencia en 1892:

Los dialectos, por desgracia, sólo se han empleado hasta el presente, salvo raras excepciones, para cantar las glorias de ridículas imágenes autoras de milagros [...], para enaltecer el derruido y odioso castillo feudal, nido de crímenes, y pintar con risueños colores al bestial caballero y la casquivana señora, y para hacer apología de las trasnochadas libertades políticas de la Edad Media [...] Hay en los versos de Curros Enríquez algo nuevo que conmueve por su brillante novedad, algo que nos atrae por lo mismo que a ello no estamos acostumbrados [...] y ese algo es que el poeta no reniega de su siglo, se tiene por legítimo hijo de él y se inspira únicamente en el ideal del eterno progreso⁹.

8. Monteagudo 2000, 206-8; véxase, cunha valoración diferente á nosa da posición da Condesa, Miralles 1997.

9. Citamos por Alonso Montero 1967, 298-99, quen remite para M. Curros, *Obras Escogidas*, Madrid, Aguilar, 1956; 996.

Vai no texto indicada, sequera implicitamente, unha contradicción na obra de Curros sobre a que máis adiante volveremos.

A xa evocada hexemonía do progresismo nas ringleiras proto-galeguistas contribuíu tamén que os estudiosos teñan tendencia a infravalorar o peso nelas do que denominamos ‘conservacionismo’, no que englobamos os participantes ou colaboradores no Rexurdimento que mantiñan posicións retrógradas no campo socio-político, moitos deles próximos ás posicións tradicionalistas ou directamente carlistas. Na liña do conservacionismo cóntanse personaxes galegos como o cóengo Antonio López Ferreiro ou o profesor Alfredo Brañas; entre a intelectualidade española, o mellor representante desta posición probablemente sexa Marcelino Menéndez y Pelayo. No terreo da articulación do Estado, o tradicionalismo consideraba compatible a *sagrada* unidade de España coa descentralización administrativa e mesmo unha certa autonomía política das ‘rexións’. En xeral, no proxecto sociolingüístico deste sector non se cuestiona a posición dominante do castelán, pero enfatízase, mesmo por motivos de tradicionalismo, a variedade lingüística de España.

Por vía da regra, este tipo de ideoloxías conservacionistas tende a ‘naturalizar’ (e polo tanto deshistorizar) a cuestión lingüística: o galego é concibido como o idioma *natural* de certos grupos sociais, que tamén constitúen o soporte das antigas tradicións, en definitiva, da ideoloxía do antigo réxime. De aí a ilusionarse coa ‘conxectura de eternidade’ da lingua subalterna vai soamente un paso¹⁰. O que corresponde ó conservacionismo tradicionalista é defender o *mantemento* de linguas subalternas coma o galego, entendendo mantemento como termo contraposto a *promoción*; ben entendido que o conservacionismo tradicionalista propugna non é simplemente a conxelación da situación diglósica, mais unha certa *restauración* do galego, o que implica a súa dignificación e

10. Sobre esta noción, véxase Lafont & Gardy 1981. Tal ilusión non constitúe, de certo, patrimonio exclusivo desta corrente, mais goza dun grande poder de impregnación sobre o conxunto da cultura lingüística da época, incluíndo a familia progresista.

cando menos o impulso do seu cultivo literario (adoito limitado xenérica, temática e lingüisticamente). En definitiva, o que se propuña como proxecto sociolingüístico era unha estabilización da situación diglósica imperante, aínda que outorgando unha mellor posición á lingua subalterna, o que podemos denominar unha situación de 'diglosia atenuada'.

Non imos deternos nas posicións do que denominamos uniformismo reaccionario, que pouco interesan agora ó noso asunto. O proxecto sociolingüístico correspondente pasa polo reforzamento da xerarquía lingüística como medio para fomentar o proceso de substitución lingüística, aínda que tal proxecto adoita formularse discursivamente como favorable ó *bilingüismo*. (É sabido que este termo, polisémico, versátil e esvaradío onde os houber, é utilizado por tódolos sectores en liza).

O dilema do progresismo coetáneo a Curros que antes sinalabamos como insinuado nas observacións de Blasco Ibáñez aparece xa nas estrofas introductorias á "Virxe do Cristal", pero está maxistralmente expresado no poema "Introducción" a *Aires da miña terra* (1880). Este poema foi xa analizado entre outros por Xesús Alonso Montero (1967, 303-5) e Francisco Rodríguez Sánchez (1972, 80-81), e debullado máis polo miúdo por Pilar Garcia Negro (1987), de maneira que, despois do que levamos dito -en especial en referencia á escisión entre o racionalismo instrumentalista (cuxa ideoloxía se expresa nas dez primeiras estrofas) e o sentimentalismo (ó que corresponden as dez últimas estrofas)-, pouco temos que engadir ós comentarios destes estudosos.

Alén diso, o texto hai que situalo no marco de polémicas coma as que estouparon por volta de 1876 e 1879 na prensa galega arredor da promoción do galego, estudadas ultimamente por Ernesto González Seoane (1991). Na primeira parte da "Introducción" Curros pon practicamente en verso a prosa progresista uniformista tal como aparece, por acaso, nun dos xornais participantes na devandita polémica, *El Diario de Lugo* (1876):

En el movimiento progresivo de la humanidad; en la revolución que en el mundo se verifica para intimar más y más los lazos que unen á los pueblos, tienden precisamente las razas á su fusion, las naciones á su fraternidad, y, por ende, los idiomas á su unificación. [...] Desaparecen en el progresivo movimiento social las naciones, modifícanse hasta perder su primitivo carácter las razas y caen en desuso los idiomas, llegando á tener no más que valor histórico. Obedece esto á fatales leyes que rigen á la humanidad, manteniéndola siempre en constante progreso. [Citamos por Hermida 1992, 123 e 126].

Compárense esas liñas cos versos de Curros:


Todo tende á unidá, lei, d'entre todas
 A máis ineusorabre d'o Progreso;
 Y-él que de cen naciós un povo fixo,
 Un idioma fará de cen dialeutos.
 Como páran n'o mar todol-os rios,
 Com'os rayos d'o sol páran n'un centro,
 Todal-as linguas han de parar n'unha,
 Qu'hemos de falar todos, tarde ou cedo.

[Citamos pola primeira edición de *Aires da miña terra*,
 Curros Enríquez 1880].

2 “TODAL-AS LENGUAS HAN DE PARAR N'UNHA/QU'HE-
 MOS DE FALAR TODOS, TARDE OU CEDO”.
 LINGÜÍSTICA DECIMONÓNICA E ANTROPOLOXÍA: A
 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DAS LINGUAS

Nas dúas anteriores citas exprésase unha idea que inducirá á estrañeza a calquera lector actual, a pouco que este repare nela. No artigo de *El Diario de Lugo* dise que “los idiomas [tienden] á su unificación”, mentres que Curros sostén que “total-as linguas han de para n'unha”. Nunha lectura non avisada, isto interpretámolo automaticamente algo así como ‘un idioma imporase sobre os demais, de maneira que a xente o acabará adoptando, ó tempo que cada quen abandona o seu idioma propio’. En realidade, tales afirmacións descansan nunha concepción da evolución lingüística moi diferente á corrente nos nosos días. Con efecto, despois do triunfo practica-

mente absoluto do paradigma da lingüística histórico-comparada, tendemos a contemplar a deriva histórica das linguas en termos de proliferación, isto é, de fragmentación de unidades orixinarias. Pero antes dese triunfo, tal deriva considerábase, inversamente, en termos de 'fusións' ou 'mesturas' entre linguas orixinariamente distintas, de xeito que máis ben se tendía a unha redución ca a unha proliferación do número de linguas. De forma gráfica e esquemática, isto pode representarse con dous diagramas arbóreos.



Por parte, en Galicia, as hipóteses celticistas, helenistas e outras confusamente arianistas (ás veces en cabuxenta polémica entre elas)¹¹ viñan asociadas co paradigma da lingüística pre-comparatista; mentres que, obviamente, a romanística (rama da filoloxía histórico-comparada) sostivo redondamente a hipótese neolatina. Pero a duradeira prevalencia do celtismo no noso país non se debe tanto ó retraso da difusión da nova filoloxía coma ó relativo adianto e maior peso dos estudos históricos respecto dos lingüísticos. No pensamento decimonónico a lingüística histórica e a antropoloxía (ou etnoloxía) marchaban estreitamente collidas da man, vencello este que o comparatismo aínda reforzou. Ora, a antropoloxía/etnoloxía tiña no seu centro o concepto de Raza, e, achegada á prehistoria e a arqueoloxía, era practicamente unha

11. Estas últimas adoitan ser o resultado dunha asimilación imperfecta das novas teorías comparatistas, ou, mellor dito, de tentativas de conciliación das mesmas coas concepcións anteriores. Exemplifica isto nidamente Augusto Besada na súa *Historia crítica de la literatura gallega* (1887), obra que coidamos que influíu nas ideas de Curros sobre o particular. Verbo todo isto, véxase García Turnes 1998, 232-50.

subdisciplina da Historia. Dado que no noso país os estudos de filoloxía se atopaban considerablemente atrasados con respecto ós históricos, aquela tendeu a explicarse a partir desta, colocando a Lingua en posición subordinada verbo da Raza. Se o elemento racial céltico era predominante e o distintivo do pobo galego, a lingua tiña que ser, dun ou doutro xeito, céltica.

Como temos sinalado noutro lugar (Monteagudo 2000, 199-204), a aceptación da lingüística histórico-comparada produciuse en toda Europa, e tamén na Península ibérica, dun xeito gradual e en medio de tirapuxas por veces feroces. Especialmente en Galicia, por causa do mencionado atraso dos estudos filolóxicos¹², o novo paradigma difundíuse moi paseniño e batendo con serias resistencias. Naquel mesmo traballo chamamos a atención sobre a importancia do influxo portugués na xénese e pervivencia das teorías ‘celtistas’ no noso país, influxo que procede, non por azar, da periferia do sistema académico do país veciño¹³. Esa observación refórzase precisamente coa análise do pensamento currosiano. En realidade, Curros oscila de xeito abondo confuso entre a consideración do galego como lingua simplemente neolatina (a doutrina tradicional, defendida xa por Feixóo e Martín Sarmiento no século XVIII, e consagrada polos comparatistas), e as hipóteses celticistas e helenistas en voga no medio intelectual galego coetáneo. O que se procuraba era unha posición ecléctica, que conciliase as tres hipóteses. Esa é a liña que apunta por acaso A. Besada, quen na súa *Historia de la literatura gallega* sostíña: “Celta, latín y griego son los tres elementos principales de nuestra lengua; el celta la informó, la *determinó*, el latín la enriqueció, el griego reformándola la *hermoseó*” (Besada 1887, 19).

Ó noso autor custáballe especialmente desprenderse do presunto elemento grego do galego:

12. Debido en grande parte á posición periférica do país: lémbrese que na Universidade de Santiago só en 1922 se creou unha Facultade ‘maior’ de Filosofía e Letras, cunha Sección de Historia (véxase Monteagudo 1996).

13. No centro dese sistema, situado institucionalmente nas Universidades de Coimbra e Lisboa, situábanse figuras como Adolpho Coelho, e máis tarde José Leite de Vasconcellos ou Carolina Michaëlis de Vasconcellos, que protagonizaron respectivamente a introducción e o establecemento da nova filoloxía.

creo que nadie que conozca bien la influencia que en nuestras costumbres y por consiguiente en nuestra lengua ejercieron los pobladores griegos pueda proscribir por completo el elemento helénico en nuestro idioma, aunque sólo sea porque este elemento es anterior, históricamente considerado, al romano. [Citamos por Alonso Montero 1970, 102]¹⁴

Finalmente, Curros deu atopado unha fórmula conciliatoria, que facía do celta, ou mellor do celtibérico (que englobaría o primitivo galaico e o lusitano), o pai do latín e mais do grego. O texto clave atópase nun lugar inesperado: a biografía do político Eduardo Chao, publicada en 1893¹⁵, onde o autor, apoiándose na autoridade dos eruditos portugueses Nobre França e João Bonança¹⁶, polemiza explicitamente con Antonio Sánchez Moguel, que no seu discurso de ingreso na Real Academia de la Historia de Madrid, “Razones históricas en que pretenden fundamentarse los regionalismos catalán y gallego” (1888), atacara as hipóteses celticistas da historiografía proto-galeguista. Conclúe Curros:

podíamos oponer a la invasión de griegos y romanos en Galicia, una invasión anterior de gallegos y lusitanos en Grecia y Roma [...] las lenguas griega y latina, y otras anteriores a ellas, no son más que modificaciones de aquel idioma primitivo que, por haberse desarrollado del centro a la periferia y de Occidente a Mediodía, debía ser el mismo en cuya reconstrucción trabajan hoy eminentes sabios; es decir, el celtibérico. [Curros Enríquez 1893, 14-15].

14. En carta do noso autor a Andrés Martínez Salazar, de catro de abril de 1887, reproducida por Alonso Montero 1970, 101-3. Nótese de camiño o peso destas concepcións á hora de decidir puntos lingüísticos como o uso do grafema <y>. Así, o texto continúa “Esto explica por qué yo simultaneo con la <i> latina la <y> griega. Ambas trabajaron en la formación de nuestra lengua y ambas deben figurar en el lenguaje escrito [...] A la razón histórica que yo invoco para defender el uso de la <y> griega, mézclase un sentimiento de gratitud hacia las razas sojuzgadas en Galicia por Roma” (*ibidem*).

15. Véxase Curros Enríquez 1979, 1107-12 (= Curros Enríquez 1893, 13-15).

16. É significativo o título da obra do primeiro aducida por Curros *A Philologia perante a História. Ensayo de crítica à sciencia alemã e varias sciencias*. Por parte, respecto da polémica protagonizada por Sánchez Moguel, tamén debe verse Curros Enríquez 1889 (recensión do texto *La poesía gallega*, do Marqués de Figueroa), reproducido por López Varela 1998 II, 1300-01.

É á luz desta hipótese que hai que ler os seguintes versos do poema “Pola Unión”, composto en 1894:

¿Quen a civilización
levou de Oucidente a Oriente,
na nave resprandecente
que tripulaba Jasón?
¿Onde naceron aqueles
que Grecia e Roma fundaron
i ás portas de Asia chegaron,
a luz levando con eles?¹⁷

Cuestión á parte, pero moi importante, era a concepción da relación xenética entre o galego e o castelán, que o noso autor volve contemplar en termos de ‘fusión de linguas’. Deste xeito, o segundo, o castelán, aparece como fillo lexítimo do primeiro, aínda que recibise outras achegas: “Castilla que tuvo arte para constituir una nacionalidad con várias nacionalidades, túvolo también para formar su idioma con todos los idiomas que hubo de encontrar a mano [... el castellano] no es otra cosa que el gallego acrecentado con las expropiaciones hechas en las lenguas afines y no afines”¹⁸. Sinalemos ó pasar que esta concepción de Castela e o idioma castelán como nacionalidade ‘síntese’ das e dos demais peninsulares, tería moito predicamento entre os castelanistas¹⁹.

Finalmente, unha pincelada sobre a impregnación das concepcións darwinistas na concepción da historia das linguas. Asegura Curros que

17. Cito pola edición de Carlos Casares: Curros Enríquez 1992, 308-13, os versos aducidos atópanse na páxina 309. Por parte, na referencia a Xasón (e indirectamente ós argonautas) parécenos percibir eco das teorías do antropólogo e arqueólogo portugués Martins Sarmiento.

18. Véxase Curros Enríquez 1886, reproducido por López Varela 1998 II, 1290-96. Trátase dunha recensión da coñecida antoloxía *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*, realizada por Antonio de la Iglesia, e publicada naquel ano.

19. Así, o argumento reaparecerá dun ou outro xeito en Unamuno, e máis tarde en Menéndez Pidal (Monteagudo 1995, 45 e 52), de maneira que fronte ó ‘purismo’ que tendencialmente predominou entre os nacionalistas periféricos, no castelanismo existe unha forte tendencia á defensa dun certo ‘hibridismo’.

Si de algo se despojó el gallego en la selección á que viven sometidas todas las formas naturales, fué de la manera que se despoja el globo de lastre para ascender [...] el gallego posee desde su formación elementos de vida tan eficaces, tales virtudes orgánicas, que, si bien con alteraciones de accidente, han podido conservarse como se conservan las especies superiores en la naturaleza, a través del proceso evolutivo de los idiomas ibéricos. [Curros Enríquez 1886, citamos por López Varela 1998 II, 1294-5].

3 “O CRISTO D’AS LENGUAS”. DEFENSA DO IDIOMA GALEGO (1)

E chegamos agora á defensa que o noso autor realiza do idioma preferido para a súa expresión poética, e que tanto contribuíu coa súa palabra e a súa obra (a redundancia é só aparente) a dignificar: o galego. Sobre este particular, ó xa dito por outros estudiosos, como os antes citados Xesús Alonso Montero, Francisco Rodríguez ou Pilar Garcia Negro, e en particular por Elisardo López Varela (2000), que insisten con diversos acentos na conexión entre esa posición a prol dunha lingua ‘baixa’ e o democratismo, o popularismo e/ou o proto-nacionalismo do noso autor, gustaríanos chamar a atención sobre un argumento pouco atendido. Referímonos ó que podemos denominar o ‘evanxelismo’ idiomático de Curros, que puidera estar influído pola súa profesión, máis ou menos duradeira, do protestantismo (Ríos Sánchez 1993, e neste volume). É coñecida a insistencia dos protestantes na divulgación do Evanxeo e en xeral da piedade a través das linguas vulgares, que chocaba coa adhesión da Igrexa católica ó latín dos rituais²⁰. Que saibamos, non se ten reparado abondo no peso que Curros outorga ó exemplo evanxélico na súa argumentación a prol do galego²¹. Xa no remate do poema “Introducción” a Aires

20. Isto refírese especialmente ó contexto europeo, e ós séculos XVI a XIX. Non ignoramos o papel dos misionarios católicos no estudio de linguas indíxenas extra-europeas.

21. Endebén, debo consignar que Xesús Alonso Montero fixo en datas previas á celebración do Congreso referencia a isto na súa colaboración habitual en *La Voz de Galicia*.

da miña terra se di con letras de molde, referíndose sempre ó idioma galego:

Tí non podes morrer... ¡Eso quixeran
Os desleigados que te escarneceron!
Mais tí non morrerás, *Cristo d'as linguas*,
Non, tí non morrerás, *ouh Nazareno*.
[Curros Enríquez 1880; as cursivas son nosas].

Non só iso, o propio poeta se nos presenta, continuando cunha metáfora puramente profética, como “*Apostol* teu, anque o mais ruin de todos, / Pr’ónde quér levarei teu *Evanxelio*”. Dixemos *metáfora*, pero ¿trátase soamente dunha metáfora? En 1886, seis anos despois de publicar os devanditos versos, combatendo os prexuízos a que atrás nos referimos, referentes ó ‘limiar de viabilidade’ dos idiomas (véxase atrás, p. 316), razoa: “No por pequeno es despreciable un idioma. La obra más gigante del espíritu humano, el cristianismo, fué generada en el vocabulario más pobre de las lenguas orientales, el arameo” (citamos por López Varela 1998 II, 1295). E as mesmas ideas, ou parecidas, se repiten e amplían no artigo “El símbolo”, publicado en Cuba durante a Pascua de 1895, onde se nos presenta a Cristo, nunha lectura progresista e laicizante como “mártir de amor á súa patria”. Paga a pena aducir a cita por extenso:

Realmente, cuando se sabe que Jesús para establecer su doctrina no se valió de otro instrumento que el de la palabra, y que ese instrumento en sus labios era hasta imperfecto, porque Jesús no dominaba el hebreo culto y predicaba en arameo, uno de los dialectos menos literarios de cuantos se hablaban entonces en la Judea, hay motivo para asombrarse [...] Los que condenan el cultivo de los dialectos debieran fijarse en esa circunstancia para convencerse de que no es preciso apelar a las lenguas oficiales impuestas, ni al idioma de los sabios, para producir obras trascendentales. El Evangelio representa el triunfo de un dialecto judío, como la *Iliada* el de un dialecto griego y *La Divina Comedia* de un dialecto italiano²².

22. M. Curros Enríquez, *Obras escogidas*, Madrid, Aguilar, 1979; 1301-5. A cita é das páxinas 1303-4.

De certo, o devandito non implica necesariamente que o protestantismo tivese un peso consciente e decisivo na súa opción en favor do uso literario do idioma do país. Pero non deixa de resultar rechamante que a primeira composición poética que Curros deu a lume en galego, “A Virxe do Cristal”, sexa de temática relixiosa. Non se nos escapan as obxeccións que se poden opoñer a isto último: é sabido que o tema viña proposto na convocatoria do certame (Alonso Montero 2001), e non se pode ignorar que o autor expresa nos versos introductorios o seu distanciamento verbo do contido deste poema (distanciamente reiterado na nota que se sente obrigado a inserir unha vez que decidiu incluílo en *Aires da miña terra*), nin o feito de que a tradición relatada (e viva aínda hoxe) suscitaría o rexeitamento enérxico, no plano da devoción e o culto, de calquera protestante.

O que en todo caso parece indubidable é que ó defender o idioma do país, Curros se sitúa máis nunha liña universalista do que nunha particularista: a apoloxía faise máis en nome de principios universais e do conxunto da humanidade, do que en nome dun provincialismo exclusivista. Trátase, para a nosa idea, da mellor tradición do galeguismo.

4 “NON SON AS NACIÓNS AS QUE FAN AS LITERATURAS,
MAIS AS LITERATURAS AS QUE FAN AS NACIÓNS”.
DEFENSA DO IDIOMA GALEGO (2)

Coa intuición, exactamente expresada no último parágrafo que citamos, de que as linguas cultas proceden todas elas de dialectos primitivamente non cultivados, debuzámonos xa nun aspecto do pensamento currosiano que de certo reborda o marco da presente contribución, pero é inevitable traer aquí, aínda que só sexa de pasada. No ideario lingüístico de Curros está imbricado o sociopolítico, pero tamén o está o estético-literario. Non podía ser doutro xeito, e iso non soamente pola súa condición de escritor; é que o cultivo literario era considerado (e polo menos en parte aínda o é), a clave da bóveda da dignificación dun idioma e da súa elaboración como lingua de cultura. Polo mesmo, a defensa do idioma galego é inseparable en Curros (e na súa época) da apolo-

xía da literatura en galego. Para non estendérmonos nun asunto que en boa parte nos sobarda, quixeramos subliñar soamente dúas afirmacións do noso autor. A primeira xorde ó lor do texto que aduciamos liñas arriba, nun artigo aparecido no mesmo ano de 1895: “Todas las literaturas de que hay noticia fueron antes que nacionales, regionales, y antes individuales que colectivas” (citamos por López Varela 1998 II, 1240) –reflexión esta que vai seguida doutra case literalmente idéntica á xa reproducida arriba. A segunda aparece en lóxico desenvolvemento da anterior, e resulta dunha clarividencia deslumbrante: “no son las naciones las que hacen las literaturas, sino las literaturas las que hacen las naciones” (*ibidem*, 1241). ¿Como non lembrar aquí a luminosa sentenza de Manuel Murguía en *Los precusores* que reproducimos como epígrafe no encabezamento do presente traballo?

Cando Curros argumenta a prol da súa opción lingüística como escritor en galego ofrece varios tipos de motivos. Pódense salientar catro: un, bastante banal, está relacionado coa fidelidade á propia terra e ós devanceiros; outro, de dobre gume, é tocante á espontaneidade da expresión no idioma propio²³; un terceiro, máis interesante, atinxe á escolla do público ó que dirixirse; e finalmente, un cuarto áchase fundado nas cualidades expresivas que podía ofrecer un idioma na situación histórica do noso. Centrarémonos nos dous últimos. Especialmente relevantes son as recensións das obras *El idioma gallego* (Curros Enríquez 1886) e *Caldo de grelos* (Curros Enríquez 1895c). Na segunda, en resposta ós que acusan de egoísmo os cultivadores dos idiomas ‘rexionais’, argumenta que a estes, “escribiendo en castellano, quizás le[s] entendiesen todos menos aquellos que más le[s] interesa que le[s] entiendan” (Citamos por López Varela 1998 II, 1242). A afirmación constitúe máis a expresión dunha vontade do que dunha realidade; Rosalía de Castro, no prólogo de *Follas novas*, mostrábase ó respecto máis lúcida, coidamos, cando recoñecía: “As multitudes d’os nosos cam-

23. A contrafío, será acaído lembrar a Pardo Bazán, que denunciaba argutamente: “el gallego no lo hablan los que lo escriben”, “[los poetas gallegos] en ocasiones se limitan á versificar ideas pensadas en castellano y laboriosamente traducidas al gallego”.

pos tardarán en lêr estos versos, escritos á causa d'eles [sic], pero sô en certo modo pra eles". Na recensión á antoloxía editada en 1886 por Antonio de la Iglesia, Curros expresa a súa confianza no porvir do idioma, e refírese ó feito de que as connotacións derivadas da situación social deste ofrecían unha interesante vía de exploración para o escritor²⁴ (diríase que está pensando aquí nas dúas vertentes principais da súa obra en galego):

Nosotros tenemos fe en el destino de esa lengua que por algo y para algo vive. Como lengua de siervos tiene no sabemos qué destilaciones venenosas concentradas, terribles, contra todas las tiranías; como lengua de creyentes no sabemos qué ternuras ideales, en que ninguna otra la iguala. [Citamos por López Varela 1998 II, 1294-95].

Pero contra o que puidera parecer, o devandito non implica para o noso autor limitacións temáticas, estilísticas ou doutro tipo, ás aspiracións de plenitude da literatura en galego. Quizais, sobre o particular, as afirmacións súas que soan máis modernas (en polémica implícita coa Pardo Bazán²⁵) se atopen na recensión ó poemario *Cousas d'a aldeia*, de Aureliano J. Pereira (Curros Enríquez 1891). Á argumentación a prol dunha literatura diglósica que desenvolvera dona Emilia, responde Curros cunha decidida impugnación desta. A prostración do idioma galego non se

24. Véxase sobre isto Monteagudo & Vilavedra 1992: 84-6.

25. Véxase algunhas liñas de argumentación da Condesa, o que nos permitirá apreciar o diálogo que Curros establece con esta autora: "¡Desdichadas mil veces la lengua que carece de consagración literaria! Por ilustre que sea su origen, al cabo vendrá a convertirse en el aullido inarticulado de la fiera, en el grito salvaje del mísero labriego que habla á su yunta de bueyes poco más racionalmente de lo que ellos podrían contestarle [...] Las poesías gallegas que gustan y se aprenden de memoria, no son las que alardean de hondas y cultas [...] sino las que brotan, sin estudiado aliño, del vivo manantial popular" (Pardo Bazán 1888, 19 e 33). Nunha liña estreitamente análoga á valoración da Rosalía dos *Cantares gallegos* sobre a de *Follas novas*, dona Emilia gaba en *Aires da miña terra* "la incomparable leyenda *A Virxe do Cristal*, modelo en su género, las primorosas descripciones de *Unha boda en Einibó* y *O gueiteiro*, la patética queja de su ¡Ay! y la dramática creación de sus *Cartas*" (*ibidem*, p. 36). Finalmente, a risco de multiplicar as citas: "Lo que pido [al poeta gallego] es que sus versos parezcan pensados y sentidos por un aldeano" (*ibidem*, p. 55).

debía a causas intrínsecas (febleza ou incapacidade del propio), mais era consecuencia de determinacións históricas concretas. Xa que logo o galego non debía deixar de aspirar a un desenvolvemento literario completo. A cita é longa, pero coidamos que xustificada:

Todavía hay quien cree que la lengua gallega no pasa de ser un idioma agrario, útil sólo al destripador de terrones. De ahí que el mejor poeta gallego sea para los que así piensan el que con más propiedad hace el inventario de los aperos de labranza, se santigua con el labrador al escuchar en la campana de la aldea el toque de oración, ó imita en versos onomatopéyicos, de gusto dudoso, el gruñido del cerdo, el chirrido del carro ó el son de la gaita. Según esos críticos, el habla gallega permanece estacionaria desde el siglo XIV; por consiguiente, todas las ideas desde entonces concebidas, todos los progresos desde entonces realizados, no pueden tener expresión adecuada dentro de esa lengua. Y, claro está, como el alma, las sensaciones, las pasiones y todo lo que constituye la vida de los seres no existía antes de esa época... la lengua gallega no puede ser metafísica, psicológica ni fisiológica; no puede preocuparse de la libertad, porque entonces no la había, [...] Así discurre esa escuela que quita y da, ó quiere dar y quitar títulos de suficiencia y diplomas de celebridad á los escritores regionales. [Citamos por López Varela 1998 II, 1115-16].

5 “ESTAMOS NA PEOR TAREFA, A DE ACARREXO”.

A DEMANDA DA NORMA. MAXISTERIO DE SACO Y ARCE

Nun poema publicado en 1888, tres anos antes do texto que acabamos de citar, Curros preséntanos dun xeito humorístico o galego como idioma que superou a súa infancia e se atopa ás portas da madurez:

Évos a léngua gallega
moza casadeira xa,
que en vez de arrulos de neno
cántigas quer de galán²⁶.

26. Citamos pola edición de C. Casares en Curros Enríquez 1992, 356.

Mais no prólogo ó poemario *Soidades* de Manuel Lugrís Freire, dado a lume en La Habana (Curros Enríquez 1894b, xiv), exprésase dun xeito máis realista, e extremadamente lúcido:

N[o] cabe tampoco ser demasiado exigente y descontentadizo, cuando todavía nuestro idioma no ha llegado á fijar su vocabulario. Estamos en la peor faena, la de *acarreo*: nuestro trabajo consiste hoy en recoger materiales, en arrancar piedra de la cantera popular y reunirla para después levantar el edificio. Entonces vendrá la *selección* y con ella el trabajo de cincel, que hoy es imposible. [As cursivas son nosas].

Secomasí, as reflexións de Curros sobre a elaboración do idioma afloraran moito antes: probablemente, son simultáneas ós esforzos iniciais por escribir en galego, e perfectamente solidarias coa súa constante preocupación pola corrección dos seus textos antes da publicación. Xa en nota á “Virxe do Cristal” inserida ó final do volume *Aires da miña terra* xorden estes coidados cabo dunha xustificación polo emprego do galego, xustificación esta característica do período xerminal da literatura no idioma do país. Así, o autor confesa as “dificultás mecánicas con que tiña que tropezar pra desarrollal-os [asuntos] n’a lingua gallega”, pois “esta obriña [era] a primeira do seu xénero que n’a nosa lingua foi escrita”. E advirte Curros de que as poesías gañadoras do certame de 1877 se publican “purgadas d’algús insinificantes érros d’emprenta, e correxidas d’algún que outro vocablo máis ou menos neolóxico y-escuro”²⁷. Por parte, a quen ler a interesantísima correspondencia, custodiada na Real Academia Galega, do noso autor co responsable da terceira edición de *Aires da miña terra* (aparecida en 1886) e da primeira d’*O divino sainete* (1888), Andrés Martínez Salazar²⁸, faráselle evidente a insistencia, case obsesiva, do noso autor na corrección de probas dos seus textos galegos.

27. De feito, o que se producira fora unha revisión do texto con criterios lingüísticos diferentes. Véxase Monteagudo 2002.

28. Isto xa é posible no caso de dúas cartas de capital importancia editadas por Xesús Alonso Montero, e de contado será doado para o conxunto gracias ás angueiras da infatigable investigadora Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda.

Se en 1894, como acabamos de comprobar, Curros consideraba que no terreo léxico o galego literario se atopaba nunha etapa de acarrexo, previa á de selección, a consciencia da necesidade de fixar unha norma para escrita é bastante anterior. Sen ir máis lonxe, xa en carta a Martínez Salazar, de catro de abril de 1887, sostíña, referíndose á *Cancionero gallego* de J. Pérez Ballesteros:

los hombres de la respetabilidad del señor Ballesteros debieran sentar las bases definitivas y hacer en grande lo que yo trato de hacer en pequeño: dar unidad a nuestra lengua, empleando voces corrientes en unas y otras latitudes y creando una ortografía racional, no sistemática y exclusivista. [Citamos por Alonso 1970, 102].

Sendo perfectamente comprensible o que quere dicir o autor ó referirse á unidade da lingua no aspecto léxico, resulta un pouco menos claro dilucidar qué ten en mente cando propugna unha “ortografía racional, *non sistemática e exclusivista*”, especialmente o que puidera entenderse baixo os dous últimos adxectivos. Dá a impresión de que se trata de rexeitar unha ortografía de tipo fonético, pois ¿cal outra podería ser considerada sistemática e exclusivista? Pero as tentativas nesta liña que coñecemos (coma tal, a edición das *Proezas de Galicia* realizada por A. Martínez Salazar en 1893) son posteriores á declaración de Curros. Fose como for, a preocupación pola codificación do galego desembocaría de xeito case natural na súa implicación no impulso á fundación da Academia Galega, pero antes de abordar ese asunto quixeramos referirnos ós criterios lingüísticos defendidos polo noso autor.

Despois do devandito, non sorprenderá a ninguén saber que Curros se mostrou inusualmente escrupuloso entre os escritores do seu tempo á hora de dar preferencia a unha ou outra solución ortográfica, morfolóxica ou léxica. Sobre isto, e a falta dun estudio definitivo, pormenorizado e criterioso, da súa lingua²⁹, os escandallos que fixemos demostran que podemos confiar na súa

29. Véxase Fernández Pousa 1952, Carré Alvarellos 1959, Alonso Montero 1970, Carballo Calero 1981, Rúa Ferradás 1987, López Varela 1998, e Monteagudo 2002.

palabra cando, reiteradamente, se proclama seguidor das propostas do seu paisano e insigne gramático Juan Antonio Saco y Arce, indiscutible padroeiro dos gramáticos galegos, propostas plasmadas na súa *Gramática gallega* (Saco y Arce 1868). O maxisterio de Saco é explicitamente confesado na dita correspondencia particular con Martínez Salazar (véxase Alonso 1970, 101-2 e 104), e mais nunha recensión que xa aducimos, onde celebra que Armada Teixeira se ativese no seu libro

a la escritura ortodoxa, usada por Saco y Rosalía, y aceptada por los escritores del mediodía de Galicia, escritura que para nosotros es la mejor y seguirá siéndolo mientras no tengamos una Academia que establezca definitivamente reglas fijas para la unidad ortográfica de nuestra lengua. [Curros Enríquez 1895c; citamos por López Varela 1998 II, 1245).

É de notar que Curros cite como autoridades Saco (gramático) e Rosalía (escritora), pero sobre todo chama a atención a observación de que a ‘escritura ortodoxa’ sexa ‘aceptada polos escritores do mediodía de Galicia’, onde parece sinalarse unha contraposición entre os dous centros máis importantes de produción literaria en galego na época: Ourense, onde primaban os partidarios da tal ortografía ‘ortodoxa’, e A Coruña, onde, efectivamente, tiña moito predicamento a posición cultista e etimoloxista³⁰.

Curros tivo que formar a súa lingua literaria sobre o galego falado, pero, como sinala Carballo Calero, nel percíbese un “propósito de construcción lingüística”, é un “consciente traballador do idioma” (Carballo Calero 1981, 385). Aínda que dun xeito tantariñante, con incoherencias e algún trasacordo, o noso autor optou por un modelo de lingua culta galega transdialectal e progresivamente depurada de castelanismos, tendendo cara a un rexistro escri-

30. Véxase Monteagudo 2001. Pénsese na posición por unha banda dun V. Lamas Carvajal (editor de *El Heraldo Gallego* e *O Tío Marcos da Portela*), e pola contraria dun E. Pondal, A. de la Iglesia (editor das antoloxías *El álbum de la Caridad* e de *El idioma gallego*), ou o propio A. Martínez Salazar. Sobre a polémica entre partidarios da grafía <x> e a da grafía etimolóxica <g, j>, que estoupou xustamente en 1888, véxase Hermida 1987.

to progresivamente autónomo verbo da oralidade (Monteagudo 2002). O seu galego literario é plenamente representativo da fase que temos denominado ‘galego popularista’ (Fernández Salgado & Monteagudo 1995): oscila entre o dialectalismo e o interdialectalismo, inzan as vacilacións, os cultismos de base greco-latina (maiormente tomados do castelán) son vernacularizados (*dialeuto, inominia, esistir, istante, xeroulifos, metouro*), brillan pola ausencia case total os hiperenxebrismos (*brilar, montana, estrano, hourizonte, primaveira* e poucos máis), non son raros os castelanismos, algúns deles adaptados (*Dios, deuda, duda, arrodillas, carcaxadas, trebexos...*); pero o balance xeral sitúao moi por riba da media dos escritores do seu tempo, e é claramente preceptible o avance en relación a Rosalía. Suscribimos plenamente o xuízo de Carballo Calero cando afirma:

No labor que o tempo lle esixía, Curros foi óptimo. O seu galego é moito máis ricaz e moito máis enxebre que o de Rosalía e Pondal. Ten un zume, unha seiva, un sangue plebeio que lle dá vigor e saúde estalantes. Íste é un dos segredos do seu éisito popular. Os galegos que leron a Curros sentíronse dentro da corrente natural no idioma [...] Moito máis afluente e depurado de castelanismos que o de Rosalía, está tamén ceibe da austeridade que lle impón ao de Pondal a limitación temática. [Carballo Calero 1981, 386].

Antes de rematar este apartado, coidamos pertinente subliñar un aspecto que a penas foi tido en conta: a familiaridade do noso autor coa literatura coetánea en portugués. Esta familiaridade plasmouse nas traducións ó castelán de vates lusitanos contemporáneos (Guerra Junqueiro, Theóphilo Braga, Antero de Quental), dadas a lume, ata onde podemos asegurar as datas, entre 1880 e 1886. Mesmo nunha ocasión o celanovés versionou para o galego o poema “Zara” de Antero³¹. Chama a atención o

31. Os textos están inseridos, baixo o título “La lira lusitana”, nas *Obras completas*, editadas por C. Casares: Curros Enríquez 1979; 611-83. Véxase Vázquez Cuesta 1968. Sobre a lingua da versión galega de “Zara” publicou un comentario crítico Lapa (1979, 103-10) atinado en pormenores, pero fortemente pexado na focaxe xeral por prexuízos magoantes nun lingüista.

feito de que o coñecemento do portugués por parte de Curros tivese nulo impacto nos seus criterios e solucións idiomáticos en galego. Por parte, o devandito constitúe un argumento contra os que alegan a opinión, bastante estendida aínda que raramente explicitada, de que a opción por un galego culto autónomo verbo do idioma de Alén-Miño foi consecuencia do descoñecemento deste.

6 CURROS E A ACADEMIA

O primeiro estudioso que tratou de xeito específico do papel de Curros na fundación da Real Academia Galega foi Alberto Vilanova (1953, 228-32). Xesús Alonso Montero (1988) tracexa a pre-historia das primeiras propostas de creación dunha academia galega, mostrando que estas foron relativamente frecuentes desde 1875, e que houberon de callar nunha tentativa xurdida en 1894/95. Este tento, finalmente fanado, deu lugar a dúas intervencións públicas do noso autor, que por certo figuraba no proxecto como co-presidente honorario da institución, onda M. Murguía e E. Pardo Bazán. Daquela, Curros residía en Cuba, e dirixía a revista *La Tierra Gallega*. Nun primeiro artigo nesta publicación (Curros Enríquez 1894a), sostén:

No hay para qué discutir ahora la necesidad de esta Academia. Basta coger la pluma y querer con ella dar forma á un pensamiento en el dulcísimo idioma de Macías y Rosalía de Castro, para que esa fundación se imponga como el medio indispensable de llegar á la unidad gráfica y fonética del mismo, hoy alteradas no por capricho de los escritores, como algunos suponen, sino por la influencia que en ellas ejerce la posición geográfica de Galicia, sus vías de comunicación, y, sobre todo, la falta de escuelas en que se enseñe el gallego, primer paso que hay que dar para el engrandecimiento de la pequeña patria [...] Aunque sólo fuera para establecer esta unidad, codificando los trabajos que sobre la materia se han escrito y reduciéndolos a reglas, la Academia Gallega debiera fundarse y fundarse inmediatamente. [*La Tierra Gallega* n° 3, 15/4/1894; citamos por López Varela 1998 II, 1138-40].

Cando a iniciativa se considerou definitivamente fanada, queixábase (Curros Enríquez 1895a):

Por consiguiente, no hay que pensar ya en limpiar el gallego de los vicios que lo afean. Las voces dudosas, los vocablos neológicos, los giros bárbaros habrá que consultarlos, antes de escribirlos, con hombres más bárbaros todavía [*La Tierra Gallega*, nº 70, 19/5/1895; citamos por Vilanova 1953, 229; pois o artigo non foi recollido por López Varela 2001].

A historia da fundación da Real Academia Galega desenvólvea E. López Varela nun traballo recentemente dado a lume (2001, 34-46). Como é sabido, na tentativa finalmente exitosa xogou un papel impulsor fundamental un círculo de galegos emigrantes en Cuba, entre os que salienta a figura de Xosé Fontenla Leal³². En abril de 1905 constitúese na Habana a Comisión xestora, presidida por Curros, quen pronuncia un discurso en que sinala as liñas polas que debe ir o traballo da institución. Non posuímos o texto deste, mais coñecémolo por unha recensión do acto, que E. López resume deste xeito:

Curros falou da necesidade de recoller as voces que tiña o galego e as palabras que figuraban nos cancioneros e documentos antigos; protestou de que se chamase dialecto a un idioma que, segundo el, era pai do castelán e do portugués e só se admitiría que fose dialecto do latín e do grego, no mesmo sentido en que o son o francés e o italiano; censurou o poder oficial responsábel en grande medida da corrupción dos topónimos, culpando os galegos que renegan da súa lingua, aprendida dos labios de seus pais. Deduciu a conveniencia de establecer en Galiza unha Academia Galega que non só recollese as voces e dese unidade á lingua, senón que adquirise tamén datos para a completa formación da nosa historia, dando impulso á vez ás Ciencias e ás Belas Artes. Terminou facendo un chamamento aos seus paisanos para que colaborasen en obra tan meritória [López Varela 2001, 37].

32. Véxase Alonso Montero 1987. Neste traballo dáse a entender que Curros se limitou a emprestar o seu nome á iniciativa.

Efectivamente, nunha circular enviada a distintos persoeiros en 1905, asinada por Curros, Ángel Barros e Nan de Allariz, e que parece redactada polo primeiro, fálase da Academia como institución encargada de “velar por la conservación y perfección de nuestra lengua, publicar la *Gramática* y el *Diccionario* de la misma” (tamén se lle atribúen outros obxectivos non lingüísticos), e insítese na idea de que “la necesidad de esa ‘Academia’ se hace cada día más sensible para unificar, depurar y fijar nuestro idioma, pues harto conocida es la anarquía reinante en materias de lenguaje dentro de nuestra región” (citamos por López Varela 2001, 41).

En definitiva, parece que Curros xogou un papel moi importante como inspirador da Academia, para o cal o acreditaba non só o seu acerto como cultivador e a súa ardencia como dignificador do galego, mais a súa continua preocupación pola forxa e fixación do idioma literario. Por iso, é perfectamente explicable que os promotores da fundación da Real Academia Galega pensasen nel á hora de apadriñar o seu proxecto, unha iniciativa que dalgún xeito viña culminar a tarefa histórica dos protagonistas do Rexurdimento galego. Indisputablemente, no que atinxe ás concepcións básicas verbo do galego e na súa reivindicación como patrimonio comunal da nación galega, sen renunciar ós seus propios acentos democráticos e populistas, o noso autor esteouse no fundamental en Manuel Murguía. No tocante á solución ós numerosos problemas que presentaba o cultivo literario dun idioma submerxido na oralidade, o poeta fixo súas as leccións do gramático Saco y Arce. Secomasí, non coidamos esaxerar ó soste que Manuel Curros Enríquez, cun copioso espolio de acertos –algúns verdadeiramente espléndidos– e tamén co seu pequeno cabedal de resultados dúbidosos, discutibles ou falidos, representa un dos exemplos máis indiscutibles do influxo que o maxisterio individual dun autor pode exercer tanto na fortuna histórica dun idioma, modificando as actitudes colectivas verbo del, coma, cinxíndonos ó plano estrictamente lingüístico, na orientación global dunha lingua literaria³³.

33. Véxase sobre a importancia da obra individual nos destinos e orientacións dos idiomas, tan frecuentemente ignorada polos lingüistas, Scaglione 1984, e os restantes traballos do mesmo volume.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Montero, X. (1967): “Curros Enríquez ou a poesía como loita”, *Grial* 17, 290-318.
- Alonso Montero, X. (1970): *Constitución del gallego en lengua literaria*, Lugo, Celta.
- Alonso Montero, X. (1987): “Un obreiro, Curros e a Academia”, en *Curros Enríquez. Crebar as liras*, Promocións Culturais Galegas, Vigo [=A Nosa Cultura, n.º. 9, extra d’A Nosa Terra]; 19-20.
- Alonso Montero, X. (1988): “Prehistoria da Academia galega”, *Grial* 99, 8-18.
- Carballo Calero, R. (1981), *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*, Vigo, Galaxia.
- Carré Alvarellos, L. (1959): “A lingua galega en Curros Enríquez”, *Boletín de la Real Academia Gallega* 333-338, s.p.
- Curros Enríquez, M. (1880): *Aires d’a miña terra. Colección de poesías gallegas*, Ourense, Tipografía de A. Otero. [Reedición facsímile, A Coruña, Real Academia Galega, 1981].
- Curros Enríquez, M. (1886): “El idioma gallego, su antigüedad y vida”, en *El Regional* 765, 767, 771; reproducido en López Varela 1998 II, 1.290-96.
- Curros Enríquez, M. (1889): “Notas bibliográficas. La poesía gallega. Discurso leído en el Ateneo por el marqués de Figueroa”, *El Eco de Galicia* 357; reproducido en López Varela 1998 II, 1.300-01.
- Curros Enríquez, M. (1891): “Decadentismo. Cousas d’a aldea (versos gallegos) por Areliano J. Pereira”, *El País* (Madrid); reproducido en López Varela 1998 II, 1.115-17.
- Curros Enríquez, M. (1893): *Eduardo Chao. Estudio biográfico-político*, Madrid & Habana, Fernando Fé & La Propaganda Literaria. [Facsímile Sada/A Coruña, Eds. do Castro, 1997].

Curros Enríquez, M. (1894a): “La Academia Gallega”, *La Tierra Gallega* 3; reproducido en López Varela 1998 II, 1.138-40.

Curros Enríquez, M. (1894b): “Carta prólogo” en M. Lugrís Freire, *Soidades*, Habana, Imprenta del Avisador Comercial; X-XIV.

Curros Enríquez, M. (1895a): “La Academia Gallega”, *La Tierra Gallega* 70; reproducido en Vilanova 1953, 229-30.

Curros Enríquez, M. (1895b): “El símbolo”, *La Tierra Gallega*; reproducido en Curros Enríquez 1979, 1301-05.

Curros Enríquez, M. (1895c): “*Caldo de grelos*. Versos gallegos por R. Armada Teijeiro”, en *La Tierra Gallega* 89; reproducido en López Varela 1998 II, 1240-45.

Curros Enríquez, M. (1979): *Obras completas*, Madrid, Aguilar (recopilación, introducción y notas de C. Casares).

Curros Enríquez, M. (1992): *Poesía galega completa*, Vigo, Galaxia (edición de C. Casares).

Fernández Pousa, R. (1952/1953): “La lengua gallega en Curros Enríquez”, *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos* 58 e 59.

Fernández Salgado, B. & Monteagudo, H. (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en H. Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega*, Vigo, Galaxia; 99-176.

García Negro, P. (1987): “Comentário á ‘Introducción’ de Aires da miña terra”, en Curros Enríquez. *Crebar as liras*, Promocións Culturais Galegas, Vigo [=A Nosa Cultura, n.º. 9, extra d’A Nosa Terra]; 42-43.

García Turnes, B. (1998): *Sociedade, cultura e lingua na Galicia da Restauración (1875-1916)*, Universidade de Santiago de Compostela, Memoria de Licenciatura inédita.

González Seoane, E. (1991): “O debate sobre o galego na prensa do XIX. Algúns datos para a historia do antigaleguismo”, *Grial* 110, 275-87.

Hermida Gulías, C. (1987): “A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888)”, *Grial* 1987, 299-316.

Hermida Gulías, C. (ed.) (1992): *A reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*, Santiago, Consello da Cultura Galega.

Hobsbawn, E. (1991): *Naciones y nacionalismo desde 1780*, Barcelona, Crítica, [1990].

Lafont, R. & Gardy, Ph. (1981): “La diglossie comme conflict: l'exemple occitan”, *Langages* 61, 75-91.

Lapa, M. Rodrigues (1979): “Sobre a lira lusitana de Curros Enríquez”, en *Estudos Galego-Portugueses*, Lisboa, Livraria Sá da Costa; 103-10.

López Varela, E. (1998): *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez*, 2 vols., A Coruña, Deputación Provincial.

López Varela, E. (2000): “O posicionamento de Curros Enríquez perante a lingua”, *Revista galega de filoloxía* 1, 199-208.

López Varela, E. (2001): *Unha casa para a lingua. A Real Academia Galega baixo a presidencia de Manuel Murguía (1905-1923)*, A Coruña, Espiral Maior.

Martínez-Morás e Soria, A. (1987): “Testemuño dunha amizade: Curros Enríquez e Martínez Salazar”, en *Curros Enríquez. Crebar as liras*, Promocións Culturais Galegas, Vigo [=A Nosa Cultura, n.º. 9, extra d'A Nosa Terra]; 22-24.

Miralles, E. (1997): “La neutralidad de Pardo Bazán ante el regionalismo gallego: elusión de una polémica”, en J. M^a. González Herrán (ed.), *Estudios sobre Emilia Pardo Bazán In memoriam Maurice Hemingway*, Santiago, Universidade de Santiago, 1997; 223-38.

Monteagudo, H. (1995): *Ideas e debates sobre a lingua*, Santiago, Universidade, Tese de Doutoramento inédita.

Monteagudo, H. (1996): “Xesús Ferro Couselo e a historia lingüística de Galicia”, en Valcárcel, M. (ed.), *Xesús Ferro Couselo (1902-75). Unha fotobiografía*, Vigo, Xerais, 1996; 97-108.

Monteagudo, H. (1999): *Historia social da lingua galega*, Vigo, Galaxia.

Monteagudo, H. (2000): “Ideas de Manuel Murguía sobre o idioma galego”, *Boletín da Real Academia Galega* 361, 197-220.

Monteagudo, H. (2001): “Curros e o gramático Saco”, *O Correo Galego* (131X).

Monteagudo, H. (2002): “O contributo de M. Curros Enríquez á elaboración do galego escrito. Caracterización e evolución dos seus criterios lingüísticos”, *Verba* 29, 291-327.

Ninyoles, R. Ll. (1972): *Idioma y poder social*, Madrid, Tecnos.

Pardo Bazán, E. (1888), *De mi tierra*, Coruña, Tipografía de la Casa de Misericordia. [Reedición facsímile en Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1984].

Ríos Sánchez, P. (1993): “Curros Enríquez e o protestantismo”, *Grial* 118, 202-11.

Ríos Sánchez, P. (neste mesmo volume): “Contribución a la biografía de Curros Enríquez: su relación formal con el protestantismo en Madrid en 1870”, 235-259.

Rodríguez Sánchez, F. (1972): *A evolución ideolóxica de Manuel Curros Enríquez*, Vigo, Galaxia.

Rúa Ferradás, M. (1987): “Estudio do galego en *Aires d’a miña terra* e no *Divino sainete*”, en *Curros Enríquez. Crebar as liras*, Promocións Culturais Galegas, Vigo [=A Nosa Cultura, n.º. 9, extra d’A Nosa Terra]; 67-71.

Saco y Arce, J. A. (1868), *Gramática gallega*, Lugo, Imprenta de Soto Freire.

Scaglione, A. (1984), “The rise of National Languages: East and West”, en A. Scaglione (ed.), *The Emergence of National Languages*, Ravenna, Longo Editore; 9-49.

Vázquez Cuesta, P. (1968): “La lira lusitana de Curros Enríquez: poesías perdidas y nuevamente halladas”, *Grial* 20, 149-61.

Vilanova Rodríguez, A. (1953): *Vida y obra de Manuel Curros Enríquez*, Buenos Aires, Ediciones Galicia del Centro Gallego de BB. AA.

Williams, G. (1992): *Sociolinguistics. A Sociological Critique*, London & New York, Routledge.